




# CABO UDRA

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 5 km (circular)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 2/3 horas




Unha ruta pola península de Cabo Udra, situada no extremo Noroeste do Morrazo, no concello de Bueu entre as rías de Pontevedra e Aldán e fronte aos arquipélagos de Ons e Cíes. Este espazo forma parte da Rede Natura 2000 (LIC Cabo Udra). O cabo Udra é unha masa de rochas graníticas que forman cantís de media altura e paisaxes de grandes penedos e bolos. A erosión mariña deu lugar a unha gran diversidade de recunchos que acollen unha rica flora e fauna mariñas.

No paseo podemos gozar de fermosas vistas da costa, formacións graníticas, elementos etnográficos (chozos, salgazóns) e unha gran biodiversidade. Tamén se pode completar cunha xornada nalgunha das praias (Pedrón, Mourisca ou Anoradoiro).

#### COMO CHEGAR:

Desde Bueu séguese a estrada ata Beluso e desde alí está indicado a Cabo Udra. Déixase o coche na explanada de Chan de Esqueiros e faise unha ruta circular seguindo a costa. Pódese ampliar cos numerosos desvíos que hai ás rochas ou ás praias, ou subindo ao cume do Castro de Udra (86 m).



Praia de Anoradoiro




Chozos de Esqueiros.




Monte do Castro de Udra.



As rochas que constitúen Cabo Udra son un curioso tipo de pedra de gran (granodiorita precoz) con grandes cristais de feldespato branco.



Cantís e praia de Pedrón desde a Punta Centuleira.



Cabo Udra e Ons.